



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xuño 2018

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Xuño 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un aumento do 5,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 0,6 puntos menos que no mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,7%, 1,1 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 6,4% e os Outros servizos o 1,7%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,6%, cinco décimas menos que en España (2,1%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de xuño. Galicia é a sétima comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a quinta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un aumento do 5,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 0,6 puntos inferior ao do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,7%, 1,1 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 6,4%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de xuño (4,8 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 1,7% e achegan 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 6,1% e os *Outros servizos* o 4,8%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 6,5% e achega 3,1 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio ao retalho* achegan 0,8 puntos cada unha, con incrementos do 17,4% e 3,9% respectivamente.

A nivel nacional, o maior incremento nas actividades comerciais rexístranse no *Comercio por xunto*, 7,2%, seguido da *Venta e reparación de vehículos de motor* (7,0%).

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 1,7%; o sector que máis contribúe a este crecemento é *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 15,0%, e achegan 0,5 puntos. En senso contrario, *Hostalería* e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa facturación, -2,0% e -3,1% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,8%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos danse en: *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (8,4%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,8%).

Na primeira metade do ano, o índice xeral aumenta un 4,8% en Galicia e un 6,1% en España.

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no que vai de ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 5,6% e 7,3% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación nos seis primeiros meses do ano en Galicia, -1,7%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,5% no mes de xuño. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 6,4% e achega 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 6,6% e achega 1,0 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 2,6% e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* o 4,5%.


Na primeira metade do ano, o índice aumenta un 4,9%, sendo o *Comercio* (4,9%) e o *Transporte* (10,2%) os sectores que máis contribúen, 2,6 e 1,4 puntos respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 7,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de xuño en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (8,0%) e Asturias (7,9%). As comunidades con menores crecementos son Andalucía (3,0%), Navarra (3,1%) e Comunitat Valenciana (3,2%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Cantabria (9,7%), Aragón (8,4%) e Madrid (8,3%). O menor incremento rexístrase en Andalucía (3,5%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,6% respecto ao mes de xuño de 2017, cinco décimas menos que en España (2,1%).



O persoal ocupado aumenta un 2,2% no *Comercio* e un 1,1% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (4,9%), co que achega sete décimas á taxa de variación do índice xeral.

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 3,3% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan catro décimas a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado un 1,9%.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. Os maiores incrementos no persoal ocupado danse en *Información e comunicacións* (3,1%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,3%).

Nos primeiros seis meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 1,9% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto do Estado (2,2%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xuño con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Aragón (3,6%) e Illes Balears (3,5%). A comunidade onde menos crece ocupación é Extremadura (0,8%).

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,8%) e Murcia (3,4%), mentres que Andalucía, País Vasco e Extremadura (1,6%) rexistran os menores crecementsos.

Índices de persoal ocupado. Xuño 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	121,5	5,2	4,8
Comercio	122,9	6,4	5,0
Venta e reparación de vehículos de motor	123,5	17,4	10,3
Comercio por xunto	128,0	6,5	5,6
Comercio ao retallo	110,7	3,9	2,7
Outros servizos	116,9	1,7	4,0
Transporte	110,5	0,5	3,8
Hostalería	116,9	-2,0	-1,7
Información e comunicacións	109,9	2,0	1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,1	-3,1	5,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	152,7	15,0	13,6
España			
Xeral	123,7	5,7	6,1
Comercio	122,7	6,1	6,2
Venta e reparación de vehículos de motor	146,8	7,0	9,6
Comercio por xunto	124,3	7,2	7,3
Comercio ao retallo	111,6	3,6	2,4
Outros servizos	125,7	4,8	6,1
Transporte	120,2	4,1	5,6
Hostalería	127,9	1,3	2,2
Información e comunicacións	117,7	4,3	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	137,8	8,4	9,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	129,0	5,8	8,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	122,0	3,5	4,9
Comercio	122,2	6,4	4,9
Transporte	130,4	6,6	10,2
Hostalería	119,6	-2,6	-1,4
Información e comunicacións	111,8	3,3	2,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,6	-4,5	6,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	141,1	11,5	13,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	123,7	5,7	6,1
Andalucía	115,6	3,0	3,5
Aragón	118,9	7,5	8,4
Asturias	118,1	7,9	5,7
Baleares, Illes	151,1	4,8	6,6
Canarias	116,4	7,1	7,0
Cantabria	124,3	8,0	9,7
Castilla y León	113,1	6,2	3,7
Castilla-La Mancha	122,6	6,3	7,0
Cataluña	122,4	5,2	5,6
Comunitat Valenciana	121,5	3,2	4,1
Extremadura	117,2	5,8	4,7
GALICIA	121,5	5,2	4,8
Madrid	130,9	7,3	8,3
Murcia	122,2	4,0	4,2
Navarra	125,9	3,1	3,7
País Vasco	123,2	6,8	7,6
Rioja, La	125,8	5,0	6,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,5	1,6	1,9
Comercio	107,2	2,2	1,9
Venta e reparación de vehículos de motor	99,9	1,0	-0,9
Comercio por xunto	115,6	4,9	4,6
Comercio ao retallo	103,8	0,8	0,8
Outros servizos	107,8	1,1	1,8
Transporte	105,4	1,7	0,8
Hostalería	109,0	-1,9	-0,4
Información e comunicacións	104,7	2,1	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,8	2,2	3,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,3	3,3	4,1
España			
Xeral	108,9	2,1	2,2
Comercio	105,8	1,6	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	106,4	2,9	2,6
Comercio por xunto	107,3	2,4	2,4
Comercio ao retallo	104,7	0,8	0,9
Outros servizos	110,9	2,5	2,7
Transporte	108,9	2,9	2,9
Hostalería	114,0	1,2	1,5
Información e comunicacións	106,8	3,1	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,1	2,6	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,7	3,3	4,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,9	2,1	2,2
Andalucía	106,0	1,3	1,6
Aragón	111,5	3,6	3,1
Asturias	105,9	2,5	2,3
Baleares, Illes	133,6	3,5	3,8
Canarias	108,8	2,4	2,4
Cantabria	110,1	1,9	2,7
Castilla y León	105,8	2,1	1,8
Castilla-La Mancha	107,2	1,5	2,0
Cataluña	110,7	1,7	2,3
Comunitat Valenciana	106,5	2,4	2,2
Extremadura	107,1	0,8	1,6
GALICIA	107,5	1,6	1,9
Madrid	108,5	2,8	2,5
Murcia	114,6	2,9	3,4
Navarra	107,8	2,5	2,4
País Vasco	105,2	1,1	1,6
Rioja, La	107,1	1,9	2,2

Fonte: INE